



Compostela  
Cultura

# de LUGARES e ÓRGANOS



músicas e outras  
paisaxes de Compostela  
do 11 ao 20 de abril 2019

# de LUGARES e ÓRGANOS



Organiza: Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago

Dirección artística: Belén Bermejo López

Redacción: Andrés Díaz Pazos, Carlos Penela Martín e Belén Bermejo López

Coordinación e deseño: Sirgo Torcendo

Maquetación: Cátia Leite

Producción técnica: Goyplasión S.L.

Imprime: Gráficas Garabal S.L.

Catro edicións fai esta proposta musical nacida con vocación modesta e cunha clara predisposición á descuberta do noso, mais tamén doutras culturas, doutros valores, doutras paisaxes urbanas e humanas. Unha proposta que se desenvolve de maneira cíclica, precisamente nun tempo que convida á reflexión e, tal vez, ao ofrecemento de algo de cada unha de nós; algo que contribúa a facer mellor o lugar e o momento que nos tocou vivir, desde a liberdade que, como persoas, se nos outorgou, para escoller o xeito en que pretendemos estar no mundo. Nesa tarefa, a música tornouse parte esencial e, nela, déuselle ao chamado rei dos instrumentos, o órgano (raíña, por certo, noutros idiomas como o alemán), un papel protagonista como depositario dunha cultura musical, artística e mesmo técnica que sitúa a cidade de Compostela no mapa das referencias da organería europea.

Unha edición máis, faremos gala de todo este ideario para reconstruír un imaxinario ao redor das paisaxes organísticas que poboan e poboaron os espazos da nosa urbe, con citas musicais, proxeccións cinematográficas, exposicións, conversas con artistas e expertos ou itinerarios polo patrimonio. Unha programación que, lonxe dunha fútil pretensión de amalgamar estilos e culturas musicais para vender un produto mediaticamente atractivo, persegue procurar unha atmosfera de espiritualidade para unha saudábel convivencia, na que diferentes mundos expresivos e sonoridades sexan a vía de expresión de valores estéticos, mais tamén humanos, ao redor da música para órgano.

Partindo desas premisas, o programa deste ano convídanos á descuberta das culturas musicais musulmá e cristiá da man do grande Joel Frederiksen canda o sirio Rebal Alkhodari; a reflexionar sobre a idea da eternidade ou do eterno retorno, coa formación liderada por Pedro Lamas; a emprender unha viaxe no tempo, na procura de sons moi afastados, coa virtuosa Corina Marti, e das paisaxes sonoras da Compostela barroca, con Marco Brescia; ou a peregrinar, en busca do máis íntimo, nunha viaxe de ida e volta, cun clavecinista e organista de prestixio internacional, o galego Diego Ares.

Vémonos, pois, nunha edición máis do ciclo de Lugares e Órganos. Músicas e outras paisaxes de Compostela.

Martiño Noriega Sánchez  
Alcalde de Santiago de Compostela



## PROGRAMACIÓN PRINCIPAL

### ALKHODARI, FREDERIKSEN & MENDIVE

Páx. 06

Sábado 13 de abril, 20.30 h, igrexa da Universidade

### DIEGO ARES

Páx. 08

Domingo 14 de abril, 20.30 h, igrexa de San Paio

### CORINA MARTI & DORON SCHLEIFER

Páx. 10

Martes 16 de abril, 20.30 h, igrexa de Santa Clara

### MARCO AURÉLIO BRESCIA

Páx. 12

Mércores 17 de abril, 20.30 h, igrexa de San Martiño Pinario

### PEDRO LAMAS, GERMÁN DÍAZ, ALFONSO MORÁN & EREA BLANCO BALVÍS

Páx. 14

Sábado 20 de abril, 20.30 h, igrexa da Universidade

#### Retirada de entradas:

As entradas para as actividades e concertos son de balde. Cómpre retirar a invitación a partir do 2 de abril no despacho de billetes do Teatro Principal, aberto de martes a sábado e os días de evento, de 18 a 21 h. De non se esgotaren, tamén se poderán recoller o propio día da actividade no lugar onde esta se celebre desde unha hora antes do seu comezo.

As invitacións serán válidas ata 10 minutos antes do inicio da actividade. A partir dese momento, a organización

resérvase o dereito a empregar as localidades non ocupadas.

As actividades do espazo *O órgano sae á rúa* son de entrada libre ata completar a capacidade e non é preciso retirar previamente as entradas.

A asistencia á proxección no cinema Numax ten un custo de 4 €. Pódense mercar entradas anticipadas no despacho de billetes do cinema ou na web [numax.org](http://numax.org).

## OUTRAS PAISAXES, OUTROS TONS DA CIDADE

### MEMORIA SILENTE, ITINERARIOS POLO PATRIMONIO ORGANÍSTICO ESQUECIDO

Páx. 16

Xoves 11 de abril, 19.30 h, Biblioteca Xeral da USC  
Mércores 17 de abril, 17.45 h, igrexa de San Martiño Pinario

#### MÁIS QUE MÚSICA

### O ÓRGANO SAE Á RÚA

Páx. 20

Venres 12 de abril, 19.30 h, Vide Vide!  
Luns 15 de abril, 19.15 h, cinema NUMAX

#### ÓRGANOS

### IGREXA DA COMPAÑÍA OU DA UNIVERSIDADE

Páx. 22

### IGREXA DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Páx. 24

### REAL CONVENTO DE SANTA CLARA

Páx. 26

### MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO PINARIO

Páx. 28



## ALKHODARI, FREDERIKSEN & MENDIVE

MÚSICA

Igrexa da Universidade  
Sábado 13 de abril, 20.30 h

### CAMIÑOS PARA A ESPIRITUALIDADE

PÓRTICO MUSICAL ENTRE ORIENTE E OCCIDENTE

A cuarta edición do ciclo de Lugares e Órganos inaugura a súa programación propondo un excepcional encontro entre tres artistas procedentes de diferentes países, culturas e tradicións musicais, un programa no que se mesturan, ademais, elementos representativos de dúas relixións, a cristiá e a musulmá. O cantante e laudista americano, Joel Frederiksen, o cantante e oudista sirio, Rebal Alkhodari e a organista e profesora do conservatorio de Ourense, Marisol Mendive, xúntanse para interpretar conmovedoras obras pertencentes a diferentes tradicións espirituais. Un programa que pretende amosar como diferentes culturas, mesmo relixións, baixo o manto de diferentes estilos e formas de expresión musical, narran acotío similares experiencias humanas arredor das mesmas cuestións existenciais. Así, a chamada á oración dos musulmáns ou

*Adhān* alternará con rezos da liturxia cristiá, como o *Kyrie eleison*, e con cantos que narran historias paralelas recollidas en diferentes libros sagrados. E todo cunha arela que vai máis alá da mera fusión de estilos, para procurar unha atmosfera de espiritualidade, na que diferentes mundos expresivos e sonoridades se transfiren e reflicten mutuamente.

Nun tempo no que as tensións entre relixións, os fundamentalismos e a traxedia das xentes refuxiadas ensombrecen o día a día, nada semella máis importante que abrir as mentes á curiosidade polo alleo e descoñecido.

**Rebal Alkhodari**, canto e *oud*  
**Joel Frederiksen**, canto e laúde  
**Marisol Mendive**, órgano



## DIEGO ARES

MÚSICA

Igrexa de San Paio  
Domingo 14 de abril, 20.30 h

### PEREGRINAXE

Diego Ares é un músico galego que está a desenvolver, como clavecinista, unha das máis brillantes traxectorias concertísticas no eido internacional. A gravación para o selo Harmonia Mundi das *Variacións Goldberg*, que saíu á luz en 2018, supuxo un dos fitos da súa carreira e dela díxose que “as Goldberg soan, nas prodixiosas mans de Ares, revestidas dunha carga humanista especial” (Luís Gago, *El País*, 24 de xullo de 2018).

O programa combina pezas que xiran arredor do significado da viaxe, do camiño e da cidade de Compostela como punto de saída e tamén de chegada. Para iso, o repertorio escollido fai un percorrido por obras que serán interpretadas no órgano de tubos da igrexa e nun clave, instrumento de tecla de gran relevancia na liturxia e na vida musical das cate-

drais e mosteiros durante séculos e o único que podía ser empregado como acompañamento musical para a liturxia durante a Semana Santa. A selección de pezas inclúe obras para clave de autores do século XX, como Joan Maria Thomàs ou Peter Mieg, canda autores como Bryd, Bach, Soler ou Rameau. O recital abrirase e rematará con dúas *Cancións de Santiago* para órgano, do compositor e organista francés Pierre Dandrieu, que simbolizan o solemne acto de partida e chegada a un mesmo punto, nunha peregrinación tinguida ademais de paisaxes sonoras evocadoras da música tradicional, que estará presente tamén nas obras interpretadas ao clave.

Diego Ares, órgano e clave



## CORINA MARTI & DORON SCHLEIFER

MÚSICA

Igrexa de Santa Clara  
Martes 16 de abril, 20.30 h

### AUREA VEL ARGENTA

AS PEGADAS DA MÚSICA PARA ÓRGANO DOS SS. XII-XV

Corina Marti é un dos nomes de referencia no ámbito da interpretación de música antiga, principalmente da música medieval e primeiro Renacemento. Docente da Schola Cantorum de Basilea na materia de frauta e instrumentos medievais de tecla, Corina Marti desenvolve unha intensa tarefa como concertista ao longo dos máis diversos escenarios do mundo, como solista e como cofundadora e directora do grupo La morra.

Xunto ao contratenor Doron Schleifer, coñecido por ser un dos integrantes do prestixioso conxunto vocal Profeti della Quinta, interpretará un interesante programa que ofrece un percorrido por varios séculos de música ao longo dos cales o órgano tivo tamén un papel fundamental. Un percorrido que abranguerá,

desde os séculos centrais da Idade Media ata o primeiro Renacemento, un programa composto por obras pertencentes á Escola de Notre Dame, ao *Códice das Huelgas* ou á lírica provenzal, canda obras como o *Roman de Fauvel*, o *Codex Faenza* ou o *Buxheimerorgelbuch*, entre outras."

O concerto será interpretado no órgano de tubos da igrexa do convento de Santa Clara e nun pequeno órgano portátil medieval.

**Corina Marti**, órgano, frautas e  
órgano portátil  
**Doron Schleifer**, contratenor



## MARCO AURÉLIO BRESCIA

MÚSICA

Igrexa de San Martiño Pinario

Mércores 17 de abril, 20.30 h

### MÚSICAS PARA OS ÓRGANOS DE SAN MARTIÑO

#### O SÉCULO XVIII E A ÉPOCA DOURADA DA ORGANERÍA GALEGA

Está fóra de toda dúbida que, nos tempos anteriores á exclaustación e abandono do mosteiro, no primeiro terzo do século XIX, e especialmente nos anos posteriores á construción dos órganos que presiden o coro situado tras do baldaquino da igrexa, no primeiro terzo do século XVIII, debeu existir en San Martiño Pinario un intenso e elevado ambiente musical. Coa desamortización comezou o imparable deterioro destes instrumentos, órganos xemelgos, enfrontados, exemplos únicos e iconas da organería europea de todos os tempos, que pasarían así a integrar a nómina de instrumentos que forman parte do patrimonio silente da cidade en espera paciente da súa restauración e volta á vida litúrxica e musical da mesma.

Co fin de recrear unha pequena mostra do que debeu acontecer musicalmente no espazo sonoro do coro de San Martiño, porá fin ao itinerario polo patrimonio silente da igrexa

un concerto co que principiaremos un percorrido a través de 150 anos polas músicas que, de seguro, se interpretaron na altura en Compostela e que se corresponden, ademais, con diversos momentos do desenvolvemento da industria organeira que existiu na cidade. O programa estará composto por obras de Melchor López, Josep Elies, José de Nebra, ou Lidón, obras pertencentes ao período no que se construíron estes dous imponentes instrumentos enfrontados, e que serán interpretadas polo organista e experto en organería galega e portuguesa, Marco Aurélio Brescia, nun órgano positivo con tubería de fachada, instalado para a ocasión no mesmo espazo do coro.

Marco Aurélio Brescia, órgano



# PEDRO LAMAS, GERMÁN DÍAZ, ALFONSO MORÁN & EREA BLANCO BALVÍS

MÚSICA

Igrexa da Universidade

Sábado 20 de abril, 20.30 h

## O ETERNO RETORNO

VARIACIÓNS, FOLÍAS, DIFERENCIAS E A ARTE DE IMPROVISAR

Unha das calidades tradicionalmente máis valoradas nun organista foi a de ser un bo improvisador. A improvisación estivo sempre presente ao longo da historia da música e está documentada a existencia de músicos organistas tan bos nesta arte, que se dicía que, as músicas que resultaban deste exercicio, de seren recollidas en papel, terían pasado por composicións de altura.

No concerto de hoxe daremos a volta a este esquema, para poñer o acento, non no órgano, senón noutra combinación instrumental alicerzada noutras estéticas, que tamén requiren dun elevado grao de destreza improvisadora. Pedro Lamas, Germán Díaz e Alfonso Morán son tres personalidades musicais de recoñecida traxectoria procedentes de ámbitos como a música tradicional, o jazz ou a música contemporánea. A súa capacidade creadora e talento artístico, servirán de fornecedoras fontes coas que intentarán condensar a esencia de músicas doutras épocas, para codificalas en clave de música

popular contemporánea. Así, composicións escritas orixinalmente para órgano por unha nómina de autores intemporais do Renacemento e primeiro Barroco, glosadas mil e unha veces ao longo dos séculos, serán interpretadas ao órgano por una novísima e prometedora Erea Blanco Balvís, para seren, a continuación, reinterpretadas cunha vontade de proxección cara o futuro que nos conecta, simbolicamente, coa idea da eternidade. Desta maneira, o público poderá experimentar o goce de comprobar como, sobre a base dunha peza escrita hai séculos, se acadan outras sonoridades e estéticas, na descuberta dos amplos lindeiros que acoutan unhas músicas dun elevadísimo grao de beleza e perfección.

**Pedro Lamas**, saxo soprano  
**Germán Díaz**, zanfona e instrumentos mecánicos  
**Alfonso Morán**, contrabaixo  
**Erea Blanco Balvís**, órgano



# MEMORIA SILENTE, ITINERARIOS POLO PATRIMONIO ORGANÍSTICO ESQUECIDO

OUTRAS PAISAXES

En anteriores edicións comezamos unha serie de itinerarios polo patrimonio organístico da cidade de Compostela, coa intención de percorrer os numerosos elementos que aínda se conservan, algúns deles activos, outros silentes, outros que desapareceron fisicamente e outros que se agochan, ocultos, en diferentes espazos da cidade. Precisamente, coa intención de seguir afondando na descuberta dese patrimonio e desas paisaxes organísticas ocultas que poboan ou poboaron Compostela, iniciamos outra rolda por sorprendentes elementos dese patrimonio organístico máis invisible aos ollos das persoas visitantes.

## EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICA

“O ÓRGANO NOS FONDOS DA BIBLIOTECA XERAL”

Conformada por excepcionais exemplares pertencentes ao fondo antigo da Biblioteca Xeral da USC, esta mostra bibliográfica pretende dar a coñecer uns fondos directamente relacionados co patrimonio organístico e a industria organeira que floreceu hai séculos na cidade. Este fondos, ademais, posúen unhas magníficas ilustracións, que servirán para achegar o público a outras paisaxes organísticas de Compostela ocultas entre o abondoso patrimonio cultural da cidade. Estes fondos que se exporán formaban parte da antiga biblioteca dos xesuítas á que pertencía a Igrexa da Compañía onde, precisamente, se desenvolve parte da programación do ciclo. Outro exemplar vén da biblioteca do mosteiro de San Francisco, lugar onde traballaron, ao longo do



## OUTRAS PAISAXES

século XVIII, dous dos máis destacados organeiros galegos e peninsulares.

A mostra estará aberta ata maio e o día da súa inauguración poderá ser visitada coa guía dos seus comisarios. No decurso da visita teremos tamén oportunidade de escoitar as músicas das que falan os libros da man da clavecinista Erea Blanco Balvís.

**Inauguración:** Xoves 11 de abril 19.30 h

**Lugar de encontro para a visita guiada:** Entrada principal do Colexio de Fonseca

**Lugar:** Biblioteca Xeral da Universidade  
Claustro alto do Colexio de Fonseca  
Rúa do Franco, s/n

**Horario:** De luns a venres de 9.00 a 21.00 h  
(sábados, domingos e festivos pechado).  
Ata o 10 de maio

**Andrés Díaz Pazos:** comisario da exposición  
**Erea Blanco Balvís:** espineta

## PERCORRIDO GUIADO POLOS ÓRGANOS DE SAN MARTIÑO PINARIO

Neste percorrido polos órganos e os espazos sonoros da igrexa do que foi mosteiro bieito e hoxe sede do Seminario Maior, teremos oportunidade de nos introducir de cheo no que debeu ser o ambiente musical e cultural existente na época de maior esplendor de San Martiño Pinario. A visita deterase nos órganos da igrexa que aínda se conservan, se ben silentes: os dous impresionantes órganos situados detrás do retablo maior; o órgano construído xa na segunda metade do século XIX, polo organeiro compostelán Mariano Tafall; e o órgano da capela do Socorro. A rolda contempla tamén a visita a lugares habitualmente non accesibles para o público e, ademais da contextualización histórica e musical destes elementos, en distendida e amena charla, comentaranse interesantes datos sobre o seu estado de conservación e posibilidades de recuperación futura. Para rematar, teremos oportunidade tamén de participar da recreación

do ambiente sonoro do mosteiro grazas á instalación no espazo do coro dun órgano de tubos, como petisco previo ao concerto da tarde.

**Data e hora:** mércores 17 de abril 17.45 h

**Capacidade máxima:** 50 persoas

**Lugar de encontro:** na porta da igrexa de  
San Martiño Pinario

**Andrés Díaz Pazos:** relator

**Marco Aurélio Brescia:** órgano





## O ÓRGANO SAE Á RÚA

### MÁIS QUE MÚSICA

Para aquelas persoas que queiran aprofundar nos contidos da programación, coñecer de preto os artistas, ou catar un pouco daquilo que imos ver e escoitar e, ao tempo, descubrir outras paisaxes da cidade, o órgano sae novamente á rúa con novas actividades e encontros arredor do patrimonio organístico e das súas músicas.

### PROXECCIÓN DA PELÍCULA CRÓNICA DE ANNA MAGDALENA BACH

Unha singular biografía dirixida por Straub e Huillet, dunha das figuras máis relevantes da historia da música, vinculada ademais fortemente á música para órgano, Johann Sebastian Bach. Unha crónica contada a partir da voz dunha narradora, a que foi a súa muller, Anna Magdalena Bach. Unha película na que a música, interpretada por grandes referentes da música antiga, como Harnoncourt e o seu grupo Concentus Musicus Wien ou Gustav Leonhardt, ten unha importancia fundamental.

A proxección irá precedida dunha charla introdutoria na que se comentarán tanto aspectos musicais como cinematográficos da película, e contará coa presenza do clavecinista

Diego Ares, que interpretará ao vivo algunhas pezas do *Caderno de Anna Magdalena Bach*.

Cinema NUMAX  
Concepción Arenal, 9  
Luns 15 de abril, 19.15 h

Prezo 4 € (venta anticipada no despacho de billetes do cinema ou na web numax.org)

### ENCONTRO CON JOEL FREDERIKSEN E REBAL ALKHODARI

Encuentro informal, conversa e música ao vivo da man destes dous grandes músicos.

Vide Vide! espazo encultural  
Fonte de Santo Antonio, 10  
Venres 12 de abril, 19.30 h

### EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ARREDOR DOS ÓRGANOS DE COMPOSTELA

Durante todo o período de programación, en escaparates de diferentes establecementos comerciais da cidade.

## O ÓRGANO DA IGREXA DA COMPAÑÍA OU DA UNIVERSIDADE

A presenza do órgano na igrexa da Universidade hai que trazala a partir da translación dos racioneiros da confraría do Sancti Spiritus ao templo a consecuencia da expulsión dos xesuítas en 1767. Esta expulsión motivou a distribución dos seus bens mobles e inmobles entre diferentes institucións da cidade, e que a igrexa pasase a ser atendida polos anteditos racioneiros. Estes racioneiros tiñan un papel destacado en diversas liturxias catedralicias, entre as que podemos citar o canto da *Salve á tarde*, "diante da imaxe da Virxe preñada", é dicir, a Virxe do O, daquela situada no antigo trascoro. Por este motivo, unha das calidades que tiñan que reunir era a de posuíren unha boa voz para participar co canto nestas liturxias que, de xeito ordinario, eran acompañadas polo órgano. Coa ocupación da igrexa polos racioneiros, hai constancia documental do uso dun "realexo" (un pequeno órgano portátil de 3 ou 4 rexistros) no templo, o cal indica que os xesuítas non a dotaran dun instrumento. Ao mesmo tempo, contábase co servizo dun organista estable.

Con posterioridade, sobre o ano 1800, decídese construír un órgano de maior porte. O artífice elixido será o organeiro de orixe madrileña Manuel Sanz, que se formara como oficial no taller do extraordinario organeiro real, Pedro Liborna Echevarría, e que xa traballara para o Cabido entre 1773 e 1778 na ampliación dos órganos da Catedral. A obra durou de novembro de 1800 até abril de 1802

e tivo un custo total de 49.572 reais e 2 maravedís. Era esta unha suma elevada que viña supor, aproximadamente, o total das importantes rendas anuais que tiñan os racioneiros do Sancti Spiritus e, dende logo, moito máis do que dedicaban ás obras e mantemento da igrexa e aos seus empregados. Como detalles anecdóticos, diremos que o estaño da aliaxe dos tubos constituía un 10% aproximadamente do custo total da obra (4.250 reais), da mesma orde que o custo da caixa (4.730 reais, incluída a madeira) debida ao artesán local Agustín Trasmonte. O tamén artista local Manuel do Porto pinta a caixa, por un total de 2.000 reais.

O órgano, cara ao ano 1850, atopábase xa algo deteriorado, como se pode constatar por un informe do organeiro da Catedral, Pedro Méndez de Meriñes, no que destaca a calidade do instrumento e cifra o seu arranxo e posta a punto en 1.000 reais. Coa desamortización e o paso da igrexa á Universidade é probable que, tanto o seu uso como os coidados necesarios para manter un instrumento destas características, decaeran. De feito, a fins do século pasado o órgano estaba inutilizado. A feliz intervención, en 1998, do especializado taller de organería de Gerhard Grenzing, baixo o soporte económico da Fundación Pedro Barrié de la Maza, con motivo do V Centenario da USC, permitiron recuperar esta alfaia da organería histórica galega.




## O ÓRGANO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES

Coa reorganización das ordes monacais en Galicia, a comezos do século XVI, as monxas beneditinas pasarán a ocupar o mosteiro de Antealtares e, moi axiña, construírán un órgano, en 1537, feito por Pedro Vélez, un organeiro activo daquela en Galicia, en particular en Santiago. Xa no século XVII, no ano 1625, o daquela organeiro da Catedral, Gaspar de Alaraz y Estrada, traballará tamén para o mosteiro, non sabemos se facendo unha profunda remodelación do instrumento xa existente ou un novo. Este órgano debeu durar até fins do século XVIII, que é cando o organeiro compostelán Alberto de la Peña constrúe o magnífico instrumento que hoxe podemos ver e escoitar. En efecto, entre 1782 e 1784 construíu De la Peña este órgano, un dos máis importantes que se conservan en Galicia no seu estado orixinal. Tivo unha primeira restauración, en 1974, a cargo do taller de organería de Gerhard Grenzing, que daquela escribiu que se trataba dunha “peza mestra e unha representación exemplar da arte dos organeiros españois”.

O instrumento ten dous teclados de 51 teclas, partidos e con oitava tendida. O primeiro teclado controla o chamado órgano

maior: aquel composto polos canos da fachada e outros máis dentro da caixa, pero na súa parte frontal. Pola contra, o segundo teclado controla a chamada “cadeireta interior”, que é como un pequeno órgano independente, con todos os canos dentro da caixa situados cara á parte de atrás. O son deste segundo teclado é máis feble e afastado que o do primeiro, o que permite ao instrumentista introducir cambios de intensidade na súa interpretación, e tamén mudar os timbres, pois cada teclado dispón de diferentes rexistros. O número total de rexistros é de 13 na man esquerda e 15 na dereita, no órgano maior; e de 7 na man esquerda e 8 na dereita, na cadeireta. Ten ademais 10 contras, ou canos de sonoridade grave, que se poden accionar cos pés.

Para Compostela en particular, e para Galicia en xeral, este instrumento representa un dos cumes da arte organeira, no momento de máximo esplendor do chamado órgano barroco ibérico. É, por tanto, unha das pezas máis importantes, en termos absolutos, do noso patrimonio histórico, construído ademais por un organeiro formado en Compostela, daquela un dos principais focos da organería peninsular.




## O ÓRGANO DO REAL CONVENTO DE SANTA CLARA

Como no caso dos seus irmáns franciscanos, tamén as clarisas consideraban o órgano unha peza fundamental dentro do mobiliario litúrxico das súas igrexas, como parte consubstancial e insubstituíble dos oficios. E o convento de Santa Clara de Compostela, dende logo, non foi unha excepción á regra. Sabemos que no ano 1565 o organeiro de orixe viguesa, Pedro Martínez de Montenegro, fixo un órgano para o convento *“que ha de tener cinco registros (...) y haber muchas y buenas mudanzas con sus rruyseñores segun y de la manera que estan fechos los horganos de la iglesia de santa maria la nueba”*. Un órgano de concepción renacentista que, con moita probabilidade, substituíu un anterior. De xeito colateral, deducimos tamén que a mediados do século XVI había en Santiago un órgano na desaparecida igrexa de Santa María a Nova. O órgano de Montenegro será substituído por outro debido a un organeiro, de probable orixe portuguesa, pero que se asenta e traballa en Santiago: Baltasar Machado. En 1668 fará un novo órgano para as clarisas que terá unha vida moi efémera, pois coa reedificación da igrexa o organeiro da Catedral de Santiago, Manuel de la Viña, comezará a construír en 1709 o instrumento que hoxe podemos admirar.

Da importancia que lle daban as monxas cla-

risas ao uso do órgano nas súas celebracións litúrxicas dá boa proba o feito de que, mentres se constrúe a nova igrexa, a fins do século XVIII, e xa que daquela se debeu retirar o órgano de Baltasar Machado, Juan Galindo, arpista da Catedral e tamén organeiro, emprestará un pequeno órgano realexo ao mosteiro.

Polo demais, o interesante instrumento que agora acolle o mosteiro ten gran parte da tubaxe orixinal de De la Viña, a pesar das intervencións sufridas en 1750 e 1865, esta última a cargo do organeiro compostelán Ramón Cardama, autor do órgano da capela das Ánimas. Dase o caso curioso de que Cardama foi o pai dunha das organistas do convento sobre a que temos noticia: sor M<sup>a</sup> de la Asunción Cardama, que profesou no ano 1885 e é recordada como unha hábil organista e pianista. Tamén tivo o órgano unha intervención entre 1930 e 1932, polo franciscano frei Manuel Fernández, que alterou severamente a súa disposición orixinal. Porén, a recente restauración feita no órgano, no ano 2004, pola casa inglesa Goetze&Gwynn devolveuno, felizmente, ao seu estado orixinal, conservando aquelas adicións posteriores que respectaron a súa esencia de órgano barroco ibérico. Así, o órgano de Santa Clara é un dos máis antigos de Galiza, plenamente operativo, que podemos escoitar hoxe en día.



## OS ÓRGANOS DE SAN MARTIÑO PINARIO

O impresionante edificio do mosteiro bieito de San Martiño Pinario non podía deixar de contar cuns órganos á súa altura. Detrás da gran pantalla barroca do retablo maior, a ambos os dous lados do coro, fican dous órganos, en caixas xemelgas, aínda con algúns tubos de fachada orixinais, que esperan, pacientes, unha máis que merecida reconstrución. Foron construídos por unha parella de irmáns organeiros, naturais de Tui: frei Manuel Rodríguez Carbajal, que profesara como leigo no propio mosteiro en 1714, e o seu irmán Antonio Rodríguez Carbajal. Sabemos seguro que un dos instrumentos foi construído antes de 1724, pois cando Antonio pretende unha praza de organeiro na catedral de Palencia, o Cabido recibe un informe ao seu favor, do padre mestre de San Martiño. Nel di que Antonio, xunto co seu irmán, fixera o órgano do mosteiro. Cualifícao de bo traballador e de ser moi experimentado, tanto en facelos como en afinalos. Un pouco máis tarde, en 1733, o abade Cornejo manifesta a súa intención de facer un órgano novo coa súa caixa, xunto coas novas tribunas, todo por riba do coro. Daquela traballarían nel Manuel, que case levaba 20 anos de leigo como organeiro, probablemente axudado polo seu irmán. Desta intervención quedou constancia no órgano da epístola, xa que aparece escrito o ano 1734 no cano máis grande. Estes órganos con caixas xemelgas de San Martiño debéron ser os cuartos que se viron polas nosas

terras, despois dos das catedrais de Santiago, Mondoñedo e Tui. Foi esta unha moda que terminaría espallándose por todo o resto da Península a partir do modelo compostelán. A decoración e factura das caixas indica que debéron ser realizadas por Miguel de Romay que, ademais do propio retablo maior da igrexa do mosteiro, xa fixera as dúas caixas dos órganos da Catedral. Coa desamortización e a perda das importantísimas rendas dos frades, o mantemento e conservación debeuse de tornar en pouco menos que imposible. Cara fins do século XIX, acomódase un pequeno órgano a carón do órgano da esquerda, para uso do, daquela xa, Seminario Maior. Este instrumento fora construído por Santiago Tafall.

Sen saír do templo, e nun lugar sorprendente, podemos tamén observar (non sen certa dificultade pola altura á que se atopa) uns poucos restos doutro órgano, dentro da capela do Socorro. Esta capela, que comezou en 1739 Fernando de Casas, pertencía á rica Confraría do Socorro. Entre 1740-1750 procederáse á súa decoración e, en 1746-1749, farán o retablo Fernando de Casas e José de Leis. O órgano foi costeado polo padre celeireiro do convento frei Manuel Barrio, en 1807. Nun inventario de 1838, aínda se fai constar que "*contiene dicha Capilla un organo sobre su cornisa*". Dende logo, un órgano só apto para organistas sen vertixe.





## de LUGARES e ÓRGANOS



### Agradecementos

- \_ Comunidade de beneditinas de San Paio de Antealtares
- \_ Comunidade de clarisas do convento de Santa Clara
- \_ María Isabel Casal Reyes, directora da Biblioteca Xeral da USC
- \_ Francisco Javier Villar Teijeiro, responsable de mantemento de fondos da Biblioteca Xeral da USC
- \_ Persoal da Biblioteca Xeral da USC
- \_ Xan Gómez Viñas, responsable de comunicación do cinema NUMAX
- \_ Pilar Cancio
- \_ JMS: Organaria
- \_ A todas aquelas persoas e establecementos de Compostela que fixeron posible coa súa colaboración este proxecto







  
CONCELLO DE  
SANTIAGO

COLABORAN

**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

150 ANIVERSARIO 2018  
  
190 ANIVERSARIO 2019  


ESPACIO CULTURAL  
  
MONASTERIO  
San Martín Duaro  
BIBLIOTECA UNIVERSITARIA  
■ LUGAR DE ENCONTRO, TROPOSOLO ■  
■ BARRIO DE COORDINACIÓN ■

**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

**VIDE,  
VIDE!**  
ESPACIO ENCULTURAL  
VIDEOLIBRY

**NUMAX**